

RESOLUCIÓN REITORAL, DO 28 DE ABRIL DE 2026, POLA QUE SE RESOLVEN OS PREMIOS DE POESÍA, RELATO CURTO E TRADUCIÓN DA UNIVERSIDADE DE VIGO

A Universidade de Vigo, a través da Área de Normalización Lingüística, convocou mediante RR do 3 de febreiro os Premios de poesía, relato curto e tradución para o ano 2026.

Unha vez rematado o prazo de presentación de textos e tras reunirse xurado o día 24 de maio de 2026, esta reitoría resolve conceder os seguintes premios:

Poesía

1. Premio: Alba Guzmán Falcón, polo poemario *Procurei/Rehabitar*.
1. Accésit: Francisco Fernández Davila, polo poemario *O am/r nunha pequena bóla azul*.
2. Accésit: Elena Pazos Linares, polo poemario *Paseo lunar*.

Relato curto

1. Premio: Noelia Fernández Romero, polo relato *Alén mar*.
1. Accésit: Francisco Fernández Dávila, polo relato *Palimpsesto ou Ctrl+Z*.
2. Accésit: Niobe Alonso Iglesias, polo relato *O falso repositorio de records*.

Tradución

1. Premio: Elvira Riveiro Tobío, pola tradución do texto escrito en francés de Albertine Sarrazin *L'Astragale*

Esta convocatoria realízase ao abeiro do convenio de colaboración vixente entre a Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude e a Universidade de Vigo en materia de normalización lingüística.

Contra esta resolución, que esgota a vía administrativa, poderase interpoñer un recurso perante a xurisdición contencioso administrativa, no prazo de dous meses contados dende o día seguinte da súa publicación (ou dende o día seguinte ao recibimento da súa notificación), de conformidade co disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso administrativa.

As persoas interesadas poderán optar por interpoñer contra esta resolución un recurso de reposición, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte á publicación da presente resolución (ou dende o día seguinte ao recibimento desta notificación), perante o mesmo órgano que a ditou. Neste caso non se poderá interpoñer un recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente ou se producise a desestimación presunta do recurso de reposición interposto, segundo o previsto no artigo 123.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Vigo, na data da sinatura electrónica

O reitor

Por delegación RR do 31 de outubro de 2023 (DOG 10/11/2023)

A vicerreitora de Extensión Universitaria

Susana Reboreda Morillo

(asinado dixitalmente)

CSV : GEN-1bc9-15e4-e6f7-a5f5-47b6-3ec6-bc21-27eb

DIRECCIÓN DE VALIDACIÓN : https://run.gob.es/hsb0d8bw6q

FIRMANTE(1) : SUSANA MARIA REBOREDA MORILLO | FECHA : 28/04/2026 09:21 | NOTAS : F

